

DATOS

O *Boletín sobre o mercado laboral de Santiago de Compostela, 2º semestre 2008*, recolle un aumento do desemprego no Concello durante os últimos seis meses do pasado ano. Aínda así, Santiago amosa un mellor comportamento, en termos porcentuais, que o resto de Galicia e da provincia de A Coruña. Estes son as principais conclusións extraídas dos distintos apartados da publicación:

- **Caracterización da poboación (da páxina 5 á 11):** a poboación activa son as persoas maiores de 16 anos que nun determinado período de referencia forman parte do colectivo de persoas traballadoras (ocupadas) ou están en disposición e fan por incorporarse a el (paradas). No caso de Santiago de Compostela a poboación activa ascende a un 60,46%, fronte a un 39,53% de poboación inactiva. A poboación activa masculina é algo superior á feminina: un 51,57% fronte a un 48,43%.
- **Demandas de emprego e colocación (da páxina 11 á 14):** no ano 2007 Santiago contaba con 10.074 empresas, fronte ás 14.505 que existían na comarca e as 86.102 da provincia da Coruña. Estes datos amosan que a actividade empresarial santiaguesa representa o 69,45% da actividade comarcal e o 11,70% da actividade empresarial provincial. O tecido empresarial compostelá caracterízase polo predominio do sector servizos, que representa o 86,25% do total. Esta porcentaxe é unha das máis altas das principais cidades galegas, só superada polo 87,42% do sector servizos en Ferrol. A industria en Santiago ocupa o 5,71% das empresas, unha marca só superada polo 6,36% que se dá en Vigo. Pola contra, a construción representa o 8,04% do total situándose na porcentaxe máis baixa dos sete grandes concellos de Galicia.
- **Afiliacións (páxinas 14 á 17):** o número de traballadores afiliados ao réxime xeral e outros réximes especiais (a excepción dos traballadores autónomos) en Santiago mostra certa estabilidade aínda que o comportamento é diferente segundo o sector económico. As maiores baixadas no número de afiliacións en Compostela no segundo semestre de 2008 tiveron lugar na hostalaría cun 9,70% e na construción co 7,41%. Pola contra, a suba máis destacada foi na educación cun incremento a final de ano do 12,39% respecto a xullo de 2008.
- **Paro rexistrado (páxinas 17 á 19):** no inicio do segundo semestre de 2008, en Santiago de Compostela existían 5.330 parados que se situaban nos 6.511 a finais de ano nunha clara tendencia alcista ao incrementarse en 1.181 persoas nun período de seis meses. Por sexos, se as mulleres representaban en xullo o 60,66% do total de parados na nosa localidade, en decembro supoñían o 55,32%. Este dato explícase debido ao forte aumento do paro masculino que se incrementou en 812 homes, pasando do 39,34% do total de xullo ao 44,68% de decembro. No período de xullo a decembro de 2008 o paro rexistrado medrou un 27,18% en Galicia e un 23,79% na provincia de A Coruña. O noso concello presenta un resultado inferior, ao situar esta cifra no 22,16%. Santiago de Compostela tivo un comportamento mellor que outras localidades galegas. Se en xullo os parados composteláns supoñían o 8,71% dos da provincia e o 3,57% dos galegos, a finais de ano eran o 8,59% dos da provincia coruñesa e o 3,43% dos galegos.
- **Ofertas (páxinas 19 á 27):** no segundo semestre de 2008 rexistráronse en Santiago de Compostela 591 ofertas de emprego. Delas, 568 non especificaban o sexo da persoa traballadora, o que supón o 96,11% do total. O cuarto trimestre tivo un mellor comportamento ao experimentar un aumento de 51 ofertas con respecto ao trimestre precedente.

- **Contratos (páxinas 27 á 31):** o número de contratos realizados no Concello de Santiago no segundo semestre de 2008 ascendeu a un total de 30.895, dos que o 51,22% corresponderon a mulleres e o 48,78% a homes.